

Academia San Rosendo. Intervención en Santo Tirso (Portugal). 18 xuño 2011

Segundo L. Pérez López
Presidente da Academia Auriense Mondoniense
de San Rosendo

Excelentísimas e moi dignas autoridades que tiveron a xentileza de acompañarnos neste solemne acto da Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo.

Excmos. e Rvdmos. Sres. Bispos e Patróns desta Academia.


Excmos. e Ilustrísimos Sres. Académicos

Miñas donas e meus señores.

Podemos ficar todos moi contentos porque estamos a vivir unha xornada histórica: o reencontro da Galicia Bracarense do norte e do sur do pai Miño que nos fecunda e da vida como un mesmo pobo e familia que somos.

O nome de san Rosendo, unido a Santo Tirso, San Martiño, Mondoñedo, Compostela e Celanova, resume a historia da Galicia do século X, no que a vida monástica vén a ser como un auténtico tecido social e faro de luz, cultura, e renovación material e espiritual desta terra. É, sen dúbida, o preludio da posterior floración cluniacense e cisterciense, sen as cales non se pode entender a historia e a cultura da nosa Gallaecia Bracarense. Sobre todo isto queda moita luz que aportar. Dende esta Academia e as institucións culturais portuguesas e galegas, podemos abrir algunha porta ou xanela para un diálogo de amigos e veciños que, falan de porta a porta, co corazón aberto para un encontro real entre a cultura e as experiencias humanas e relixiosas que configuran fundamente o ser destas xentes e desta terra.

Para min este é un acto cultural que ten como trasfondo a realidade humana, social e espiritual do norte de Portugal e Galicia nun senso amplo e que, xa dende o Ano Xubilar Rosendiano (2007), nos fan volver a mirada a aquela figura egrexia, testemuña cualificado dun país xungido polo ideal da fe cristiá, vivida en relación coa cultura que estaba a se realizar na parte mais setentrional da península, onde nos atopamos, con un verdadeiro renacemento cultural, impulsado por homes cultos que foxen dos terreos ocupados polo islam con libros e pergameos de gran valor histórico e cultural.



Para aqueles homes e mulleres, dos que san Rosendo se sinte Pai e Mestre, o mesmo que para moitos de nós, cultura, ciencia e fe comparten unha orixe e destino común. Todas as nosas conquistas no mundo trasládannos ao enigma da nosa vida como persoas, inmersas no tempo e anhélantes do que a temporalidade alberga na súa medula mais fonda, na que nos sentimos como creadores e criaturas. Existen aspectos do patrimonio cultural dos pobos que van máis alá de cuestións confesionais porque reflicten o ser e a alma dese pobo. Esta é a razón da relación existente actualmente entre sociedade civil e confesións relixiosas para recuperar o patrimonio cultural da nosa civilización a partir dos ámbitos máis diversos. Aí están a recuperación de fontes documentais, exposicións de diverso rango e ámbito, as monografías sobre institucións e acontecementos do pasado, que proxectan a súa luz no presente, e sen cuxa achega non se pode construír o futuro. Ofrécenos aquí un amplo campo para un diálogo cultural na súa raíz xenuína e orixinal. Dicimos xenuína porque na cultura exprésase o universal e particular do home como posibilidade de realización. Dicimos orixinal porque exprésase o propio e específico do home nas súas dimensións máis reais e auténticas. A nosa realidade histórica, e a nosa conciencia de formar un pobo cunha realidade propia e específica, ten un inxente pasado que debemos recuperar e transmitir. Se renunciámos a isto, a nosa cultura e noso ser como pobo corre o risco de quedar sen raíces se os seus precedentes históricos e culturais non son permanentemente actualizados e recreados. ¿Onde fundamentar os valores da nosa existencia e do noso futuro se non somos capaces de recuperar positivamente toda a nosa memoria?

A conciencia humana contemporánea está determinada por unha serie de factores: relixiosos, intelectuais, sociais, políticos, xurídicos, económicos e técnicos, cuxa combinación dá lugar á identidade persoal e colectiva. As persoas que pensan actualmente no futuro, do noso contorno social, afirman que o novo milenio estará caracterizado por una correlación adecuada entre a identificación coa experiencia concreta e a realidade global.

A nosa Gallaecia Bracarense, ten moito que ver con esa realidade que hoxe coñecemos como Europa, e que dende aquí, con Braga e Compostela como referentes, ven a ser unha creación moral xurdida esencialmente como resultado da converxencia do Evanxeo, da razón grega e do dereito romano, aos que logo se engadiron outros impulsos creadores –étnicos, culturais ou relixiosos– onde situaríanse as realidades particulares como é a nosa experiencia como pobo. A partir do ano mil van xurdindo as nacións e a cultura cristiá será o factor de unidade entre elas. Esta vella Europa berce das nacións, das universidades, dos Concilios, das peregrinacións a Santiago, Roma e Xerusalén, é o fermento da moderna Europa, que xorde daquela herdanza e hoxe sitúase, en grandes espazos sociais, onde as realidades particulares acrecentan e non monguan o ser desa nova realidade.

Nesta perspectiva é desde onde se entende a figura de san Rosendo, no que sen dúbida algunha a faceta que mellor o describe, e ao mesmo tempo a que mellor encarna o seu ideal e permanencia no tempo, é a de monxe. Un monxe do século X recorrendo a Gallaecia de norte a sur, que non deixa de ser un *finis terrae* en moitas facetas humano-culturais; e, sen dúbida, tamén no que fai á implantación da vida monástica, tal como era vista e querida polo papado e o imperio carolinxio, de tal xeito que é el quen enlaza este espazo septentrional da península Ibérica con Europa. Non debemos esquecer que os primeiros peregrinos coñecidos que veñen ó sartego do Apóstolo Santiago, como Godescalco de Le Puy, fano sendo bispo do *locus apostolicus* san Rosendo. O movemento monástico en Europa vive un momento de esplendor, ao que san Rosendo contribúe de modo decisivo.

San Rosendo é, sen lugar a dúbidas, a figura máis importante da *Gallaecia* altomedieval e a súa persoalidade brilla con luz propia no século X. De tal xeito que o tecido monástico de Galicia está, todo el, en relación con san Rosendo e a súa familia.

San Rosendo forma parte dun clan familiar que deixou tras si unha grande estela de fundacións monacais, mesmo fóra dos lindes da propia xeografía da antiga Gallaecia. Os seus importantes engarzamentos políticos coas altas esferas da monarquía astur-leonesa contribuíron a que o noso Santo e a súa familia sexan os protagonistas da unificación e da restauración espiritual desta terra.

Quero dar a miña noraboa cordial a Excma. Cámara Municipal de Santo Tirso, aquí presente no Sr. Ing. Dr. Manuel Castro Fernández e os membros do seu equipo de Goberno, así como o Dr. Álvaro Brito, Director do Museo Abade Pedrosa, pola súa acollida sempre agarimosa, e por pola súa sensibilidade para acrecentar hoxe a familia de San Rosendo. Así mesmo a miña cordial benvida ó prof. Aires do Nacemento por ternos honrado coa aceptación de pertencer á nosa Academia. Ao Prf. Carvalho Correa, mil parabéns polo seu traballo a prol de San Rosendo e Santo Tirso e agradecemento polo fonda amizade que nos une dende fai anos.

E a todos vós, miñas donas e meus señores, o noso agradecemento e parabéns por tan fermosa acollida. Moito obrigado.

